



Declaración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia en relación co Decreto que regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración Xeral e as entidades integrantes do sector público de Galicia

A figura do investigador é obviamente clave nos procesos de investigación e innovación de calquera sociedade avanzada que depende da tecnoloxía e do coñecemento e quere estar ao nivel de outros países da nosa xeografía.

Fai dezasete anos xa que Galicia empezou a incorporar investigadores no seu sistema público. O seu número foi crescendo desde entón e diversificouse en moitas áreas de estudo. A día de hoxe todos teñen xa acreditada experiencia e produtividade. Sen embargo, a Administración autonómica aínda non regulou a forma de integrar a estes investigadores, manténdoo en situacións diversas, moitas delas sometidas á inestabilidade laboral.

O proxecto de decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral en Galicia é o primeiro intento de regularizar a súa situación. En opinión do Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) o intento non responde ás expectativas creadas, senón que polo contrario, mantén o *statu quo* e mesmo o agrava.

A tal respecto, o COBGA subscribe as manifestacións dun grupo de investigadores e persoal de apoio á investigación do sector público galego, feitas públicas o pasado mes de marzo, a saber:

- A duración máxima dos contratos (art. 6) é de 5 anos, con posibles renovacións: non é posible a estabilidade. Que sucederá cos investigadores que levan ata 17 anos traballando na Administración pública? Esta condición é contraria á dignidade da **profesión de investigador**.
- O talento investigador de Galicia está a ser espallado polo mundo adiante. A inestabilidade laboral impedirá reter dito talento e mesmo atraer o foráneo, agás nas universidades.



- A investigación precisa captar recursos que proveñen de fundacións e axencias de promoción da investigación, europeas, nacionais e autonómicas. A meirande parte destas axudas esixen que o investigador solicitante teña unha estabilidade laboral igual ou maior que a do proxecto. Igualmente sucede coas axudas para contratación de investigadores en formación e persoal técnico de apoio, partes fundamentais dos equipos de investigación. A permanente temporalidade obstaculiza o desenvolvemento do traballo dos investigadores.

En consecuencia, o COBGA entende que o proxecto de Decreto non contribúe a levar ao noso país a unha posición competitiva ao excluír a posibilidade de que existan investigadores estables na nosa Comunidade nas áreas como sanidade, alimentación, gandería, computación, mar e tecnoloxías da información e comunicación e **SOLICITA** das instancias competentes a retirada do proxecto e a apertura dun período de seria reflexión sobre as características que necesita un sistema público de investigación con recursos humanos dignamente contratados e que permita o desenvolvemento dunha verdadeira carreira investigadora. Todo iso en proveito da mellora das condicións de vida dos cidadáns de Galicia e por extensión dos de todo o mundo, fin último que seguro compartimos.